

Actas do **S**impósio Ricardo **Carvalho** Calero Memoria do **S**éculo

Edición de
Teresa López e Francisco Salinas



Editan:

© **Departamento de Galego-Portugués,
Francés e Lingüística
da Universidade da Coruña**
Campus de Elviña, s/n. A Coruña

© **Asociación Sócio-Pedagóxica Galega**
r/ Laracha, 9, entrechán
15010 A Coruña
Teléfono e fax: 981 27 82 59

Deseño gráfico do Simposio: Torné Asociados

Deseño da edición e maquetación: Antonio Souto

Impresión: Imprenta Provincial

Dep. Legal: C-617-02

I.S.B.N.: 84-89679-66-5

I.S.B.N.: 978-84-9749-767-1 (electrónico)

DOI: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497671>

Actas do **S**impósio
Ricardo **C**arvalho Calero
Memoria do **S**éculo

Edición de Teresa López e Francisco Salinas

Organizan:



Colaboran:



Organización

Departamento de Galego-Portugués,
Francés e Lingüística da Universidade da Coruña
Asociación Sócio-Pedagóxica Galega

Presidencia de Honra

M^a Ignacia Ramos.

Comité Científico

Prof^a Doutora M^a Victoria Carballo-Calero Ramos (Universidade de Vigo).
Isaac Díaz Pardo.
Francisco Fernández del Riego.
Prof. Doutor Justo González Beramendi (Universidade de Santiago de Compostela).
Prof. Doutor Basilio Losada Castro (Universitat de Barcelona).
Prof^a Doutora María Camino Noia Campos (Universidade de Vigo).
Prof. Doutor José Luis Rodríguez Fernández (Universidade de Santiago de Compostela).
Prof. Doutor Jurjo Torres Santomé (Universidade da Coruña).

Comité Organizador

Coordenación: Teresa López (Universidade da Coruña), Francisco Salinas Portugal (Universidade da Coruña).

Presidente: Carlos Paulo Martínez Pereiro (Universidade da Coruña).

Vicepresidente: Alberte Ansede (Asociación Sócio-Pedagóxica Galega).

Vogais: Pola Universidade da Coruña: Manuel Ferreiro, Xosé Ramón Freixeiro, Elisardo López Varela, Luciano Rodríguez, Goretti Sanmartín e Laura Tato.

Pola Asociación Sócio-Pedagóxica Galega: Xoán Costa, Teresa Fiaño, Anxo Gómez Sánchez e M^a Xosé Bravo.

Secretario: Xosé Manuel Sánchez Rei (Universidade da Coruña)

Secretaría do Simposio: María Calvo, Xoán Carlos Lagares.

Índice

Presentación	7
Prólogo	
José Luis Meilán Gil	9
Conferencia Inaugural	
Ricardo Carvalho Calero, Gallaecia Magna. José Luís Rodríguez	11
A investigación lingüística e literaria	29
Como sair do cerco. A legitimación galeguista da Literatura Galega por Carvalho Calero e a génese da súa centralidade no campo da crítica literaria. Elias J. Torres Feijó	31
A obra lingüística de Carvalho Calero. Ramón Mariño Paz	67
A narrativa	107
A narrativa de Carvalho Calero na encrucillada dos anos cincuenta. Manuel Forcadela	109
A descrición na obra narrativa de Carvalho Calero. Análise retórica e hermenéutica. Arturo Casas	119
Do carácter híbrido na narrativa breve de Carvalho Calero. (Da ambigua verdade intempestiva de <i>Aos amores seródios</i>). Carlos Paulo Martínez Pereiro.....	137
A poesía	161
O discurso metapoético de Ricardo Carvalho Calero. Xosé María Álvarez Cáccamo	163
As pegadas de Manoel Antonio na poesía de Ricardo Carvalho Calero. Kathleen March	171
Carvalho Calero. Mitos para un exilio. Pilar Pallarés	183
O teatro	203
Carvalho Calero: o Teatro e a Vida. João Guisan Seixas	205
Carvalho Calero no diagrama da comunicación dramática. Carballo, poeta dramático e ironista. Araceli Herrero Figueroa	227
A intervención política e cultural	249
O compromiso cultural de Carvalho Calero: a reintegración lingüística galego-portuguesa. José-Martinho Montero Santalha	251
Reflexións sobre a Segunda República. Xosé Ramón Barreiro Fernández	263
Carballo Calero, un xove nacionalista. 1926-1936. Justo Beramendi.....	281
O home	295
Algúns recordos de Carvalho Calero. Isaac Díaz Pardo	297
Ricardo Carvalho Calero: a elegancia do intelectual comprometido. Miguel Anxo Fernán-Vello.....	301
O professor, o mestre, o amigo: evocación saudosa. Aurora Marco.....	309
Clausura do Simposio	
Carvalho Calero novelista. Darío Villanueva.....	323
Apéndices	341
Apéndice fotográfico.	343
Ricardo Carvalho Calero escribe a Xosé Filgueira Valverde. Dados para a antoloxía da poesía galega do ano 1936. Teresa López.....	349

2

Reflexións sobre a Segunda República

Xosé Ramón Barreiro
Fernández

Universidade de Santiago

DOI: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497671.263>

Agradezo a invitación para participar no Congreso organizado para conmemorar a memoria de D. Ricardo Carballo Calero porque me permite recoñecer publicamente o maxisterio intelectual e humano de D. Ricardo. Foi un mestre en vida e segue a selo, despois de morto, porque os homes grandes nunca morren e permanecen na súa obra. Basta ler a súa monumental *Historia da Literatura Galega Contemporánea* para acreditarlo. Nesta obra combínase harmoniosamente o debuxo dos vastos horizontes da nosa literatura co esforzado e xeneroso ánimo para estudar autores e obras, aparentemente secundarios, pero que el soubo rescatar do silencio e do esquecemento.

Sempre atopei en D. Ricardo a crítica intelixente, o xuízo sagaz e o dato exacto. Que esta reflexión que fago sobre a República, pola que loitou e padeceu, sirva de modesta homenaxe á súa memoria.

INTRODUCCIÓN OBRIGADA

Debemos achegarnos ó estudio da Segunda República sen prexuízos. Evitalos non significa que un teña que renunciar á concepción dialéctica como instrumento de análise da realidade histórica, pero si implica non converter aquel anaco da nosa historia nun axuste de contas a través dunha vella dicotomía entre bos e malos. Significa tamén que os xuízos negativos que se poidan formular sobre aquela experiencia histórica non comporta, en forma algunha, lexitimar o golpe de Estado de 1936 nin o posterior réxime franquista.



1. AS RESPONSABILIDADES DA MONARQUÍA

O sistema político da Restauración, deseñado por Cánovas e Sagasta, non parece que tivera máis obxectivo que preservar a institución monárquica. A Restauración, formalmente democrática, (había Constitución, Parlamentos, partidos políticos e eleccións) estaba danada no seu cerne polo caciquismo que secuestraba a decisión política do pobo.

O caciquismo era algo máis que unha corruptela electoral, era unha precondición absolutamente necesaria do sistema restauracionista. Desde que no século XIX o liberalismo doutrinario alterou o concepto da soberanía nacional que pasou a ser compartida pola Monarquía e polo pobo, é dicir, creando dous suxeitos da soberanía, era preciso controlar ás eleccións para que non se dese o caso de que os dous entes copartícipes da soberanía entrasen en conflito.

En razón desa soberanía, a Monarquía, sen previa consulta electoral, constituía Goberno que, logo, debía someterse a unhas eleccións. Por iso foi preciso controlalas para que o veredicto popular coincidira coa decisión previa da Coroa.

As consecuencias de tal contubernio ideolóxico foron inevitables: a Monarquía quedou, desde logo, preservada, pero a representación política quedou radicalmente alterada. Así mesmo foi preciso articular o sistema de partidos, creando os que se chamaban partidos ministeriais (partido conservador e partido liberal) coa garantía de que o turno sería fielmente respectado e permitía a formación doutros partidos pero sen posibilidade algunha de chegar ó poder.¹

Por iso a clase política unicamente procedía dos partidos sometidos ó turno. Un sistema interno de promoción, ferreamente controlado polos líderes, creaba ás elites políticas que reproducían mimeticamente, servilmente, o *modus operandi* prefixado de servicio fiel á Coroa.

Que a pesar diso, a Restauración contase con indubidables homes de Estado, non nega o vicio de orixe da súa promoción. O sistema taponaba e impedía a aparición de novos líderes, de novas ideas, de novos valores, en definitiva, impedía toda alternativa política con posibilidades de acceder ó poder.

Foi así cómo se crearon dúas realidades sociopolíticas: a oficial representada polos partidos turnistas e a popular: a dos anarquistas,

¹ Claudio Sánchez Albornoz (1972: 36) conta cómo se conformou o famoso pacto turnista do Pardo. Estaba agonizando Alfonso XII e ó seu carón estaba a Raíña Cristina. Alfonso colleu a man da muller e non sen esforzo sei que lle dixo: "Cristinita, no llores, todo puede arreglarse en bien de nuestros hijos y de España. Guarda el coño y de Cánovas a Sagasta y de Sagasta a Cánovas". O mesmo Sánchez Albornoz reconece que dona Cristina "merecía el apodo de Doña Virtudes".



socialistas, nacionalistas, carlistas, etc. Esa outra realidade política, sometida administrativamente polos gobernadores e imposibilitada para acceder ó poder foi creando os seus líderes, os seus medios de expresión, é dicir, unha política alternativa crecida nos suburbios da legalidade que tiña como obxectivo derruí-la Monarquía, a peza chave dun sistema corrupto na súa esencia.

O feito de que o sistema restauracionista permitise o acceso selectivo ás Cortes dalgúns deputados desa outra realidade política (algúns carlistas, Castelar, Pablo Iglesias) non alteraba en nada o esquema. Todos sabían que a presenza destes disidentes no Parlamento non procedía da apertura do réxime senón da súa intención publicitaria de demostrar que todos tiñan sitio se aceptaban colaborar nunhas regras de xogo que eles, e só eles, marcaban de antemán.

Cando foron desaparecendo os grandes políticos do sistema (os Cánovas, Sagasta, Montero Ríos, Canalejas, Maura, Moret, Silvela) que, polo menos, tiñan a capacidade de seducir a amplos sectores da poboación e foron substituídos polos García Prieto, Romanones, Dato, De la Cierva, Alba ou Chapaprieta, hábiles concertadores de consensos pero sen xenio político, quedou claro que o sistema estaba esgotado e que a defensa a ultranza da Monarquía non era un obxectivo que entusiasmasse ó pobo. Aqueles gobernos non só perderan credibilidade, eran ademais incapaces xa de defender a orden pública. O sistema era un traxe que lle quedaba xa tan raquítico ó país, que rachaba por tódalas costuras.

2. A DICTADURA, RESPONSABILIDADE DA MONARQUÍA

Estaba tan esgotado o sistema que mesmo grupos políticos tan afastados do mesmo saudaron a chegada da Dictadura como unha liberación, polo menos como o principio dun cambio radical do que podía esperarse todo.

Hoxe ninguén dubida (agás o admirado e amigo X. Tusell e algúns outros) que a Dictadura foi un apaño entre a Coroa, o exército e a oligarquía económica.

Ademais do pistoleirismo sindical e patronal, que deixou en Cataluña un regueiro de mortos e que revela a incapacidade do sistema restauracionista para asegurar a orden pública, amoreábanse os

problemas económicos, militares e de política exterior e colonial. Foi así cómo se chegou á Dictadura.

Cando o Estado capitalista é incapaz de controlar a situación e se chega ó que Gramsci formulou como *equilibrio catastrófico*, é dicir, cando a situación das forzas sociais se equilibran de tal xeito que a continuación do sistema pode rematar cunha destrución recíproca, entón as clases dominantes sacrifican a súa dominación política, por un tempo, en beneficio dun amo-salvador a fin de conservar a súa dominación económico social. Hai un estratéxico retraemento do poder político que pasa enteiramente ás mans dun novo instrumento de dominación política. Aparece entón a Dictadura.

Iso foi exactamente o que sucedeu en España coa Dictadura de Primo de Rivera.

A Dictadura cumpriu exemplarmente a primeira fase do seu cometido: controla-la orde pública, perseguir ás forzas políticas e sindicais que non se sometan, e garantir a través de grandes proxectos macroeconómicos os beneficios da clase empresarial. Pero a Dictadura fora aceptada por Alfonso XIII cunha segunda intención: que dese unha saída política a España e, sobre todo, que crease un sistema de futuro no que a Monarquía tivera un papel relevante. E neste punto a Dictadura fracasou.

Posiblemente a Primo de Rivera lle pasou pola cabeza (e non poucos ideólogos da Dictadura o empuxaban) facer en España unha réplica do modelo fascista italiano, cunha monarquía de papel. Pero nin el era Mussolini, nin detrás del había un movemento coma o fascista; nin Alfonso XIII estaba disposto a ser un monarca de papel. O seu intento de crear un gran partido interclasista, a chamada Unión Patriótica, resultou un fracaso. Por iso a Dictadura, ós seis anos da súa instalación, esgota totalmente o seu capital.

Alfonso XIII amosou a súa capacidade para desprenderse dos políticos molestos (Maura sentiu na súa carne e xamais perdoou o que significaba o *"borboneo"*) e, por iso, Primo de Rivera caeu cando o Rei así o dispuxo.

Pero iso significou que a Monarquía quedou absolutamente desamparada: sen a cobertura do sistema restauracionista que el liquidara ó aceptar ou promover a Dictadura, sen unha solución alternativa na que a Monarquía tivese aínda un papel que desenrolar, Alfonso XIII só necesitaba tempo, pero xa non o tiña.



O panorama en 1930 era inquietante para a Monarquía. Perdera a fidelidade da vella clase política da Restauración, perdeu a fidelidade de parte do exército, que fixera causa con Primo de Rivera, perdía día a día a fidelidade de monárquicos como Alcalá Zamora, M. Maura, Sánchez Guerra, Ossorio Gallardo e tiña perdida, desde facía tempo, a fidelidade da intelectualidade. Por iso, Alfonso XIII apostou por unha solución moi arriscada pero que sempre pensou que gañaría: facer dunhas eleccións municipais unha especie de referendo sobre a Monarquía. O que resultou foi a República.

3. AS ELECCIÓNS DO 12 DE ABRIL EN GALICIA

Diversos factores impiden que, hoxe por hoxe, teñamos claro cal foi o resultado electoral en Galicia. A chegada da República e, por conseguinte, o control que xa os republicanos tiveron dos Boletíns Oficiais, nos que aparecen os resultados, obrigan ó historiador a utilizar con cautela os mesmos sobre todo cando observamos que non coinciden cos aparecidos na prensa.

Pero hai aínda outro factor máis determinante: que nestas eleccións aínda funcionou o famoso artigo 29 que liberaba de convocar eleccións naqueles distritos nos que só se presentara o número exacto dos concelleiros que debían ser elixidos.

Na provincia da Coruña o 31% dos concelleiros saíron polo artigo 29, é dicir 453 dos 1.143 elixibles (Grandío Seoane 1999: 51 e ss)².

Na provincia de Lugo, 427 saíron polo artigo 29, dos 982 elixibles, ou sexa o 43'4 %.

Na provincia de Ourense dos 1.150 elixibles, 382 fixérono polo artigo 29: 33%.

Finalmente, na provincia de Pontevedra dos 975 elixibles, 460 saíron polo artigo 29: 47 %.

Esto significa que dos 4.550 elixibles, 1.722 (o 39%) xa non se someteu ás eleccións.

O lector xa comprenderá o difícil que resulta coñecer a filiación dese 39% dos concelleiros.

² Estamos ante unha investigación na que, por vez primeira en Galicia, comeza a desmontarse a mitoloxía dunha República electoralmente exemplar. O autor, que conta cunha documentación variada, fai o seguimento das inercias caciquís tan encarnadas nos usos e hábitos políticos galegos, e das redes reutilizadas agora pero constituídas na Restauración. Algúns partidos republicanos non dubidaron en entrar nesta corrupción argumentando que un fin tan positivo como era a defensa da República podería xustificar tal fraude.

Martínez Cuadrado (1969: 1000-1001)³ ofrécenos un cadro no que, como é natural, o número dos indeterminados é moi elevado:

Concelleiros republicanos:	1.283
Concelleiros monárquicos:	1.303
De filiación descoñecida:	1.964

O que si temos máis claro é o resultado nas principais cidades:

A victoria republicana foi clara e contundente nas cidades da Coruña, Ferrol e Santiago.

En Vigo, Pontevedra e Ourense deuse na práctica un empate entre as candidaturas monárquicas e as republicanas. Sen embargo unha vez coñecida a suposta victoria republicana en España, por retraemento dos monárquicos, constituíronse en todas estas cidades concellos republicanos.

Na cidade de Lugo a victoria monárquica foi contundente. Denunciadas estas eleccións e celebradas máis adiante outras, os monárquicos deciden non presentarse e, por iso, a victoria republicana foi clara.

Á vista destes resultados non está nada claro que en Galicia triunfase a opción republicana.

As eleccións do 12 de abril demostraron que a España urbana e semiurbana tomou definitivamente as rendas da responsabilidade política colectiva e foi nas cidades e vilas importantes nas que a Monarquía foi severamente castigada. A España rural e mesetaria, a España e a Galicia profunda seguramente seguiron sendo fieis a uns valores políticos tradicionais que non se entendían sen a presenza mítica da Monarquía.

De aceptar esta hipótese e tendo en conta que a penas o 15% da poboación galega era urbana ou semiurbana xa poderíamos ter unha especie de radiografía da resposta electoral do 12 de abril de 1931.

³ A táboa de resultados que ofrece segue a ser utilizada polos historiadores e globalmente segue tendo valor a pesar dos anos transcorridos desde a súa publicación.



4. AQUEL 14 DE ABRIL. OS PERIGOS DO MESIANISMO

O 14 de abril foi unha festa en toda España. Pla, naquel intre en Madrid, fálanos dun *“insomnio frenético”* da cidadanía que cos puños en alto, as caras pálidas pola emoción, e as gorxas rotas de tanto berrar e cantar, inauguraron a República. Unha inauguración que durou varios días e varias noites, porque como dicía un periodista atento á festa, *“todo el mundo se ha vuelto loco”*.

Outros, feridos pola victoria popular, tamén recollían as primeiras impresións: *“Masa gris, sucia, gesticulante. Rostros y manos desconocidos que subían como de los arrabales”* (Agustín de Foxá). Un poeta amigo de E. Montes dicíalle: *“No hay un rubio, todos son oscuros, como descendientes de árabes”*.

Nas cidades e vilas máis importantes de Galicia a festa republicana cubriu o seu rito: na Coruña unha multitude constituída espontaneamente invade as rúas, chega ó concello da cidade, defenestra o retrato de Alfonso XIII, iza a bandeira republicana e reclama do alcalde D. Asúnsolo Linares Rivas o poder municipal. Ó Alcalde só lle queda protestar pola forma tan pouco convencional de abandona-lo poder. Foi nomeado alcalde accidental D. Antonio Lens Viera, símbolo do republicanismo histórico.

Na cidade do Ferrol o pobo maniféstase no serán do mesmo día 12 de abril. A manifestación arranca do Círculo Republicano, na céntrica rúa de Canalejas, portando a bandeira republicana. Unha comisión penetra no concello e Alfonso Quintana, Matías Usero e Xaime Quintanilla diríxense desde o balcón á multitude. Descólganse das paredes os retratos de Alfonso XIII e os dos demais monarcas xunto co do xeneral Martínez Anido. O Alcalde D. Xosé Lloveres entrega as insignias do poder municipal a D. Xaime Quintanilla, médico. Nas rúas cántanse os himnos de Riego e a Marsellesa.

En Ourense organízase a manifestación na rúa do Progreso o día 14 de abril dirixíndose ó concello onde xa as bandeiras republicana e galega ondeaban. Tamén se guindou á rúa o retrato do Rei. Desde o balcón do Goberno Civil arenga á multitude D. Luis Fábregas, Presidente da Federación Republicana. Fóra, escoitábase o Himno de Riego e o Himno Galego. Polo serán un silencio case relixioso permitiu na rúa de Paz Novoa escoitar polos altofalantes o discurso de Alcalá Zamora. Foi

elixido por aclamación alcalde D. Luis Fábregas Coello, farmacéutico da cidade.

En Lugo e a pesar da gran derrota sufrida polos republicanos, a multitude sentiuse vencedora dos comicios e saíu á rúa coa intención de invalida-lo resultado electoral. O Alcalde, D. Anxel López Pérez, aínda sabéndose vencedor soubo asimilar a victoria popular e permitiu que a comitiva presidida polo médico D. Rafael Vega Barrera, penetrara no concello e tomara posesión do mesmo. Foi nomeado alcalde D. Xosé Cobreros de la Barrera.

Poderíamos ampliar o relato co sucedido noutras cidades e vilas, pero a liturxia foi sempre a mesma en Santiago, Pontevedra e Vigo.

Por unha especie de instinto irracional o pobo asume que a proclamación da República vai significar un novo tempo histórico, unha nova vida, que os problemas que pesaban sobre a sociedade galega dunha vez por todas ían a ser resoltos, que xa nunca máis haberá caciquismo e inxustizas. A República nacía no corazón de miles de cidadáns como a promesa dunha nova vida. Este mesianismo superficial, alimentado pola euforia dos dirixentes, é xustamente o que vai proporcionar moi cedo as primeiras frustracións e desencantos.

A prensa, mesmo a historicamente monárquica, salienta e valora o comportamento cívico da sociedade. Ninguén foi perseguido, as igrexas foron respectadas, e a festa e ledicia popular transcorreron en paz. Todo, pois, axudaba a que a República se asentara no corazón da xente.

5. GALICIA FOI FIEL Á REPÚBLICA

Nas eleccións xerais de 1931 practicamente o 100% dos votos foron republicanos. Unicamente na provincia de Ourense obtivo a Unión Monárquica un deputado (Calvo Sotelo) que non puido tomar posesión por permanecer no exilio.

ORGA, xa convertida en FRG (o grupo que lideraba Casares Quiroga) obtén 16 deputados dos 47 que Galicia enviaba ás Cortes. O partido Radical de Lerroux logrou 10, o partido Radical Socialista 2, o PSOE 8, os Galeguistas 2, Acción Republicana 1, a Dereita Liberal Republicana (De Alcalá Zamora e M. Maura) 2 e 6 chamados Independentes.⁴

⁴ Maiz Vázquez (1988: 42) coas listas dos deputados galegos nas tres eleccións.



A oposición só podería estar camuflada nos chamados independentes aínda que non consta que fosen realmente monárquicos. Por iso dixemos que practicamente o 100 % dos votos foron republicanos.

Sempre se dixo que as eleccións de 1933 significaron un duro revés para a República. Isto non é exacto no caso de Galicia.

Nestas eleccións aparece por vez primeira CEDA que obtén en Galicia 10 deputados. Debemos pensar que posiblemente moitos monárquicos, votaron a esta nova forza política. Sen embargo CEDA non se presenta como un partido monárquico. É certo que o proxecto político de CEDA estaba enfrontado directamente co modelo de República que en España se deu en 1931, pero iso non significa que CEDA representara sen máis unha opción monárquica, senón máis ben outro modelo de República, un modelo ultraconservador.

O Partido Radical logra en Galicia 15 deputados. É indubidable que o Partido Radical pasaba por unha fase de dereitización que o aproximaba máis a CEDA que ó modelo republicano vixente, pero isto non significaba que o partido perdera os seus sinais de identidade republicana. Pensar, pois, que o resultado obtido significaba que o monarquismo levantaba a cabeza é unha interpretación errónea.

O que sucede é que os estudiosos destas eleccións incorren na simplificación de confundir o voto de castigo que certamente reciben os partidos do Goberno (PSOE, Alianza Republicana, ORGA, etc.) co voto monárquico. O pobo manifesta co seu voto a decepción experimentada nos dous anos de goberno republicano e aposta dunha maneira clara a outro modelo de República, posiblemente máis conservador, seguramente menos radical, pero iso de ningunha maneira invita a pensar que o éxito obtido polos partidos Radical e CEDA, xa que entre os dous acadan o 50% dos votos en Galicia, signifique ruptura coa República, e moito menos que se apoie unha opción monárquica.

E isto queda claro se temos en conta que o único partido que se presenta identificado coa Monarquía, Renovación Española, só obtivo en toda Galicia 7 deputados.

Nestas eleccións ORGA obtén 6 deputados, os Independentes 6, a Dereita Liberal Republicana 1 e 4 o partido republicano conservador.

Nas eleccións de febreiro de 1936 o Bloque Nacional, opción claramente monárquica, só obtén 4 deputados (3 deles por Ourense,

onde Calvo Sotelo segue presente) e a CEDA, sempre coa súa indefinición sobre a forma de Goberno pero cada vez máis inclinada cara á ultradereita, obtén 8 deputados.

Os demais votos podemos consideralos claramente republicanos e favorables á constitución dun Goberno progresista: a antiga ORGA, agora Esquerda Republicana obtén 11 deputados, o PSOE 5, a Unión Republicana 5, o Centro de Portela Valladares 6, o Partido Galeguista 4, o Partido Comunista 1 e os Independentes 5.

A fidelidade de Galicia á República queda, pois, posta de manifesto. É certo, como asegura Grandío Seoane (Grandío Seoane 1999: 185), que o entramado clientelar da Restauración permaneceu practicamente intacto entre 1931 e 1936 “funcionando non só a favor dos elementos máis tradicionais da sociedade política galega senón tamén a prol de candidatos e listas que apoiaban paradoxalmente a renovación que representaba o sistema republicano”, pero isto só afecta a redistribución dos votos a favor dunhas ou doutras opcións, non ó tema de República ou Monarquía. Queremos dicir que o clientelismo é o que pode explicar o éxito de ORGA, ou de CEDA, por exemplo, pero non a victoria da República sobre a Monarquía, porque os partidos de opción manifestamente monárquica non tiveron en Galicia éxito ningún en ningunha das tres eleccións e iso non pode explicarse en virtude do clientelismo. O único argumento que se podería utilizar sería o da abstención. Non habendo opcións monárquicas ou sentíndose o cidadán coaccionado para votar a favor dos partidos republicanos, podería manifestarse inhibíndose electoralmente. Pero nada disto se comproba. Nas eleccións de 1931 a abstención é a habitual en Galicia e xustamente é menor nas dúas provincias nas que o voto parece máis inclinado á monarquía: en Lugo a abstención é do 30% e en Ourense do 35% (Maiz Vázquez 1988: 41). Nas eleccións de 1933 a abstención nestas dúas provincias foi de 30 e 25% respectivamente. Finalmente nas eleccións de 1936 a abstención en Ourense non chega ó 20% e na de Lugo sitúase entre o 35-39%.⁵

6. UNHA REPÚBLICA SEN NORTE

Quixen titular este apartado doutra maneira, “O fracaso da República”, pero no momento de escribir lembreime do que me aconteceu na Coruña ó remate dunha conferencia sobre Galicia e a Segunda República. Defendín naquel momento que a República fracasara, ademais de polo acoso internacional e a confabulación do exército, a

⁵ O tema da abstención na Segunda República en Galicia precisa aínda novas investigacións, cfr. Grandío Seoane (1999: 51, 137).



Igrexa e a oligarquía económica, polos despropósitos da propia República, pola súa incapacidade (xa que o Goberno tiña o monopolio da forza militar) de controlar a situación, porque a primeira función dun réxime é a defensa do mesmo. Cando rematei a conferencia agardábame un señor que me dixo: Vostede ofendeume. Eu loitei tres anos defendendo a República, sendo ferido en varias ocasións; logo pasei 10 anos no cárcere por defender a República e Vostede non pode agora dicirme que fomos nós mesmos, os republicanos, os que fixemos que a República fracasara. Tódolos intentos de explicarlle que a xenerosidade e mesmo o heroísmo dos republicanos non foron suficientes para soste unha República mal xerenciada e peor dirixida polos políticos, resultaron inútiles. Por iso, pola memoria deste republicano e pola de tantos outros, a partir deste momento xa non volví a referirme ó fracaso da República. Pero o significado do que vou dicir é o mesmo.

Entre abril de 1931 e xullo de 1936 houbo en España 19 Gobernos e 8 primeiros ministros, o que dá unha media de 101 días por Goberno. Se miramos o que no mesmo momento sucede en Europa, vemos que en Inglaterra no mesmo período só houbo 3 gobernos, en Holanda 5, en Suecia 5, en Alemania 4. Só Francia presenta unha inestabilidade parecida a española, entre 1929 e 1940 tivo 22 gobernos.

Esta inestabilidade reflexa que algo non funciona politicamente na Segunda República.

Afondando na cuestión só temos unha resposta axeitada: a incapacidade da Segunda República para elixir un modelo de sociedade (económico, político, intelectual e social) axeitado.

Había tres modelos de República cos seus respectivos submodelos: un modelo que poderíamos cualificar de progresista e rexeneracionista, un modelo revolucionario e un modelo conservador. Cómpre estudar máis detidamente a cuestión que, lamentablemente, a penas atopa espacio nas sínteses sobre a Segunda República.

a) O modelo progresista e rexeneracionista

Acción Republicana e máis especificamente Manuel Azaña simbolizan ou representan este modelo, un modelo que compartían outros grupos e personalidades da Segunda República.

Se le puede considerar como un programa reformista avanzado - dentro do contexto español de la época- que aborda la reforma social y agraria, la democratización del Estado y de la política, la

implantación de un laicismo estatal absoluto, el reconocimiento de las autonomías regionales, la reforma del ejército y un programa de impulso de la economía (Espín 1980: 167-168)

Estamos ante un reformismo de clase media, que representaba unha política transaccional entre posicións da dereita conservadora e a política revolucionaria dos partidos da esquerda. É posible que nalgúns aspectos se actuase con certo sectarismo innecesario, pero globalmente este modelo era un intento de plasmar en forma gradual unha reforma progresista que no contexto español da época mesmo podía parecer dun esquerdismo avanzado.

Este modelo non puido aplicarse nunca na Segunda República porque os partidos que a defendían carecían dos apoios electorais suficientes e tiveron que gobernar aliados a outros partidos de esquerdas que, como é natural, rectificaron o programa de goberno.

Era un proxecto dirixido á clase media, esa franxa central da sociedade que en tódolos países desenrolados marca o rumbo da economía e da política. Pero a España de 1931-1936 tiña unha clase media moi débil e por iso non puido protagonizar o control da política republicana.

Este programa foi sistematicamente boicoteado pola esquerda e pola dereita republicanas. CEDA, Renovación Española e outros grupúsculos minoritarios, como Acción Española, acusaron insensatamente á política azañista de ser unha política de extrema esquerda, lindando cos proxectos revolucionarios, acusación que Azaña tivo que rebater constantemente nas Cortes. Pola outra banda, o proxecto azañista cualificado polos anarquistas de “burgués”, coas connotacións que naquel momento tiña esta expresión, foi rexeitado porque non pretendía traer unha fonda revolución económica e social a España.

Este modelo conectaba directamente co progresismo radical de comezos do século XIX e co progresismo liberal que se mantivo sempre á esquerda do Partido Progresista, que desembocou no Partido Democrático e, a partir de 1868, no Partido Republicano. Neste senso a proposta azañista estaba enraizada na mellor tradición española e, por iso, non era allea ó eido mental da intelectualidade española.

Como dixemos, o modelo azañista non tivo ocasión de ser aplicado e coñecido pola sociedade española. O que se aplicou no bienio 1931-1933 foi unha versión radicalizada do mesmo, unha mestura de valores e elementos reformistas coa radicalización exacerbada que impuxo o Partido Socialista, socio obrigado naquela primeira fase da República.



b) Os modelos revolucionarios

Por simplificar falamos antes dun modelo revolucionario alternativo, que en realidade foron tres modelos: o socialista, o comunista e o anarquista coas súas variables rexionais.

O modelo socialista

O partido socialista tardou en incorporarse á conspiración para derrubar a Monarquía. Non o fai ata finais do verán de 1930 xa celebrado o chamado Pacto de San Sebastián no que non tivo participación oficial aínda que asistiran Prieto e De los Ríos a título persoal. Faino, logo dun debate interno no que quedaron claras dúas cuestións: colaboración coas outras forzas para a instauración da República e disposición para participar nun Goberno republicano. Cuestión esta que Besteiro rexeitou sistematicamente polo que tivo que dimitir da Presidencia do partido.

Poucos días antes de celebrarse as eleccións do 12 de abril, Largo Caballero, elevado a líder pola renuncia de Besteiro, pronunciou un discurso no Cine Europa, en Madrid, no que sentou as bases da colaboración do partido:

Al luchar por la República, luchamos por un régimen de derecho para preparar con nuestra propaganda lo que nosotros queremos: la igualdad económica que es la base de todas las igualdades políticas.

Afirmado isto matiza o seu pensamento revolucionario (a consecuencia do pacto xa establecido coas chamadas “*fuerzas burguesas*”):

La clase trabajadora... sabe muy bien la situación de la España actual, sabe que hoy no puede ir a una República social, a una completa igualdad económica, pero quiere una igualdad verdadera política.⁶

O Partido Socialista deixaba claras dúas cousas: que non renunciaba á revolución (á igualdade económica) pero que esta se proxectaría gradualmente. E foi así como o PSOE non só entrou no Goberno senón que, ademais, como afirman algúns autores contemporáneos (Ramos Oliveira) ou máis próximos a nós (Ramírez Jiménez), foi o soporte básico do primeiro goberno republicano.

Pero a situación cambia radicalmente no ano 1933, na chamada por Luis Araquistáin en *Leviatán* “nueva etapa del socialismo”. Expono claramente Largo Caballero:

⁶ *El Socialista*, 31.3.1931.

Yo, antes de la República, creí que no era posible hacer obra socialista en la democracia burguesa y después de llevar veintitantos meses en el Gobierno de la República, si tenía alguna duda ha desaparecido. Hoy estoy convencido de que realizar obra socialista dentro de una democracia burguesa es imposible (Largo Caballero 1933: 2).

Verifícase a ruptura do Goberno e iníciase a radicalización do partido socialista, radicalización que se concreta no seguinte programa: socialización ou nacionalización de tódalas terras de España, reforma radical do ensino público mediante un criterio selectísimo no ensino primario e secundario para que unicamente pasen á Universidade e Escolas Especiais os moi capacitados, comprometéndose o Estado a cubrir tódolos gastos dos alumnos (trátase dunha especie de nacionalización do ensino), disolución inmediata de tódalas ordes relixiosas e incautación dos seus bens e expulsión do territorio nacional “de los miembros de aquellas que por su pasada actuación se considerasen más peligrosas para las nuevas instituciones”, disolución do exército e reorganización inmediata do mesmo sobre novas bases ,disolución da Garda Civil e reorganización de tódolos institutos armados, reforma integral da administración pública, reforma do sistema tributario, participación obreira nas empresas mentres non chegue o momento da súa nacionalización. Este programa “será implantado rápidamente mediante decretos para los cuales en su día habría de solicitar la convalidación por los órganos legislativos que libremente se diera el pueblo”.

Este era o programa presentado por Prieto e aprobado polo partido ó que Largo Caballero engadiu elementos de organización:

Organización de un movimiento francamente revolucionario con toda la intensidad posible y utilizando los medios de que se pueda disponer... Hacerse cargo del poder político el Partido Socialista y la Unión General se la revolución triunfase... Desarrollar desde el poder sin dilaciones el programa mínimo reflejado en el proyecto de bases (Contreras 1981: 272-275).

O radical cambio de actitude do Partido Socialista sabemos as consecuencias que trouxo e nas que non vamos agora entrar.

O modelo comunista

Rafael Cruz (1987: 108-109) fai unha valiosa síntese da situación do P.C. cando se inicia a Segunda República: o illamento do partido con respecto ás institucións e á propia sociedade española pola imposibilidade de actuar durante a Dictadura de Primo de Rivera. En segundo lugar, un radical antisocialismo que procedía tanto das



teorizacións internacionalistas como da propia necesidade de diferenciarse dos socialistas, dado que ocupaban un lugar entre os anarquistas e os socialistas. En terceiro lugar, o PCE tiña que aplicar a política de clase contra clase da Internacional Comunista, denunciando en todo momento o réxime político democrático burgués.

Por eso “El PCE, que nunca aceptó ni colaboró con la iniciativa republicana, tomó después del 14 de abril el segundo camino sin miramientos”, é dicir, loitando pola completa transformación da sociedade española.

A situación interna do partido experimenta a partir de 1933 unha fonda reformulación. A súa análise da realidade indícalle que o país (e o contexto internacional) entrou nunha fase de fascistización e para iso era preciso preparar organicamente a revolución para a instauración dun goberno obreiro e campesiño elixido polos soviets. A táctica será a constitución dunha Fronte Única baseada non tanto nas alianzas de partidos como na unidade das organizacións obreiras.

No ano 1935 o PCE sae, por fin, do seu illamento e entra en coalición cos partidos de esquerda o que explica a súa integración na Fronte Popular obtendo 16 deputados. Pero o partido xamais renunciou a constituír un goberno obreiro e campesiño, un goberno revolucionario.

Os libertarios

Resulta sorprendente a atención que os anarquistas mereceron de investigadores e analistas en comparación coa atención concedida a outros movementos de esquerda moito máis constructivos que os primeiros para a resolución dos problemas do país.

En realidade os anarquistas nunca presentaron proxectos de organización política e, por iso, non cómpre dedicarlles moito espazo. Agrarismo e industrialización foron os dous campos sociais nos que proxectaron as súas demandas de cambio radical. As demandas está claro que implicaban unha análise da realidade social (Paniagua 1982) que é certamente o máis significativo da súa contribución ideolóxica. A procura dun modelo de revolución libertaria levounos necesariamente a confluír coas forzas da esquerda española para defender se non a República, tal e como estaba constituída, si un espazo sociopolítico no que puideran aplicar o seu comunismo libertario. Por iso loitaron e defenderon, ás veces heroicamente á República para evitar a caída de España nas garras fascistas.

b) A República conservadora

En hipótese había en España una gran espacio para crear e consolidar un modelo de República conservadora ou, si se quere mellor, de dereitas.

Cando se constituíu CEDA pensouse que, por fin, ese espacio estaría cuberto por esta confederación de forzas. Aínda que o partido nunca se manifestou entusiasta da forma de goberno republicana, sen embargo o chamado *accidentalismo* serviu para lexitimar un partido disposto a xogar na política coas vantaxes que o novo réxime de liberdade permitía.

A defensa da propiedade, da familia, da Igrexa, que eran os eixes iniciais da actuación política deste partido (Montero Gibert 1977, Grandío Seoane 1998), máis a relevancia dos chamados valores tradicionais de España, aínda que foran interpretados *sui generis* polos líderes ideolóxicos de CEDA, constituían marcas de identidade perfectamente homologables no contexto da República.

Pese ás grandes diferencias ideolóxicas e a distancia persoal dos líderes, en hipótese, cabía a posibilidade de que os discursos dos reformistas liberais e dos de CEDA puideran ser reformulados ata chegar a un lugar de coincidencia para defender un modelo liberal burgués de República, un modelo que rescatara a Azaña da súa hipoteca permanente coa esquerda. Sen embargo todo isto foi imposible.

A medida que avanzamos na historia da República podemos observar a radicalización de CEDA que a partir de 1935 entra de cheo nun proceso preocupante de fascistización, de desprezo do parlamentarismo e de abandono das bases democráticas que na súa fundación aceptara. CEDA á altura de 1936 é xa un instrumento da conspiración. Certamente era imposible a paz, en boa medida por responsabilidade da propia CEDA.

CONCLUSIÓN

Alguén dixo que a República fora un barco sen temón. Habería que engadir que sen temón, sen compás e mesmo sen carta de navegación, porque o máis grave da República foi a súa indefinición en canto ó modelo de sociedade que se pretendía construír para garantir a convivencia dos cidadáns.



As páxinas que anteceden demostran onde debemos situar as responsabilidades do fracaso dunha República recibida con cánticos e festas e que conclúe nunha traxedia.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Contreras, M. (1981): *El PSOE en la Segunda República. Organización e Ideología* (Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas).
- Cruz, R. (1987): *El Partido Comunista de España en la IIª República* (Madrid: Alianza).
- Espín, E. (1980): *Azaña en el poder. El partido de Acción Republicana* (Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas).
- Grandío Seoane, E. (1998): *Los orígenes de la derecha gallega: La CEDA en Galicia. 1931-1936* (Sada: O Castro).
- Grandío Seoane, E. (1999): *Caciquismo e eleccións na Galiza da IIª República* (Vigo: A Nosa Terra).
- Largo Caballero, F. (1933): *Posibilismo socialista en la democracia* (Madrid).
- Maiz Vázquez, B. (1988): *Galicia na IIª República e baixo o Franquismo* (Vigo: Xerais).
- Martínez Cuadrado, M. (1969): *Elecciones y partidos políticos de España (1868-1931)* (Madrid).
- Montero Gibert, J. R. (1998): *La CEDA, El catolicismo social y político en la Segunda República* (Madrid).
- Paniagua, X. (1982): *La Sociedad Libertaria. Agrarismo e industrialización en el anarquismo español. 1930-1939* (Barcelona: Crítica).
- Sánchez Albornoz, C. (1972): *De mi anecdotario político* (Buenos Aires: Losada).